

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, E INDRA SISTEMAS, S.A. PARA A LOCALIZACIÓN EN GALICIA DO CENTRO DE EXCELENCIA EN TECNOLOXÍAS INNOVADORAS NO ÁMBITO SOCIO SANITARIO (CETISS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que, na data do 29 de maio de 2018, esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) formalizou coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Fundación) e Indra Sistemas S.A (Indra) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Amtega, da Fundación e Indra para a localización en Galicia do Centro de excelencia en Tecnoloxías Innovadoras no ámbito socio sanitario (CETISS).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte. Con data do 23 de xullo de 2013, Indra formalizou a súa adhesión ao Protocolo de colaboración para a cooperación entre a Xunta de Galicia e o Sector TIC para o



desenvolvemento Dixital de Galicia, asumindo formalmente o clausulado do mesmo en toda a súa extensión. Nese contexto, a Xunta e Indra están interesadas en identificar ideas e proxectos que constitúan potenciais oportunidades de crecemento, que estimulen a produtividade e se convertan en tractor de progreso en Galicia. A tal fin, ambas partes desexan establecer un marco de colaboración para a posta en marcha das actuacións necesarias para a localización en Galicia do Centro en Tecnoloxías Innovadoras no ámbito socio sanitario (CETISS) de Indra .

Tendo en conta o anterior, a Amtega, a Fundación e Indra manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acódese a un suposto de colaboración “entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado ” regulados polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

